



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 2

Unidade didáctica 6

**Globalización e comercio internacional.
Economía e tecnoloxía**

Índice

1.	Introdución	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	5
2.1	A globalización económica.....	5
2.1.1	Factores da globalización.....	5
2.1.2	Vantaxes e desvantaxes da globalización	7
2.1.3	A globalización económica, política e cultural.....	7
2.1.4	Os problemas medioambientais.....	8
2.1.5	O cambio climático	9
2.1.6	A política medioambiental	10
2.1.7	Desigualdades e subdesenvolvemento.....	11
2.1.8	O desenvolvemento sostible	11
2.2	Comercio Internacional	15
2.2.1	Os beneficios do comercio internacional: a vantaxe comparativa	16
2.2.2	Proteccionismo fronte ao libre comercio	16
2.2.3	Barreiras ao libre comercio	17
2.2.4	Organismos de cooperación internacional.....	17
2.2.5	A integración económica.....	19
2.2.6	A Unión Europea.....	19
3.	Resumo de contidos	27
4.	Actividades complementarias	32
5.	Exercicios de autoavaliación.....	34
6.	Solucionario	37
6.1	Solucións das actividades propostas	37
6.2	Solucións das actividades complementarias.....	44
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación	47
7.	Glosario	50
8.	Bibliografía e recursos.....	51
9.	Anexo. Licenza de recursos	52

1. Introducción

1.1 Descrición da unidade didáctica

O comercio internacional orixinouse pola necesidade que tiñan os países de consumir diferentes produtos, cando a única maneira que posuían para adquirilos era a través do intercambio con aqueles países que dispoñían deles. Polo tanto, o comercio internacional permite o intercambio de bens, servizos ou mercadorías.

O comercio internacional presenta vantaxes e inconvenientes. Entre as vantaxes, cómpre destacar a integración económica. Un exemplo disto é a Unión Europea, á que pertence España desde 1986, tempo máis que suficiente para termos experimentado as vantaxes, pero tamén os inconvenientes, do proxecto de integración económica máis coñecido e avanzado.

As relacións económicas internacionais son cada vez máis intensas, ata o punto de que comeza a falarse dun mercado mundial sen fronteiras. Este fenómeno coñécese co nome de *globalización*; ofrece novas oportunidades, pero crea novos problemas e agrava algúns que xa existían, como o subdesenvolvemento, a pobreza e a deterioración do medio ambiente.

En resposta a estes desafíos, o desenvolvemento sostible podería ser a clave para guiar o proceso de globalización. Un principio que talvez sirva para aproveitar ao máximo as súas vantaxes e protexer o planeta e os seus habitantes dos inconvenientes.

1.2 Coñecementos previos

Nesta unidade vanse estudar contidos novos para o alumnado, por iso sería recomendable desenvolver actividades iniciais que permitan descubrir o seu nivel de coñecemento sobre o tema.

Como actividades iniciais propoñemos:

- Un cuestionario inicial de preguntas de resposta breve para debater na aula sobre o comercio internacional.
- Lectura dalgún texto sinxelo sobre a globalización.
- Visionamento de vídeos curtos sobre o tema.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Como suxestións para motivar o alumnado no estudo desta unidade propóñense as seguintes:

- Actividades variadas e próximas á contorna do alumnado.
- Participación activa do alumnado na aula, achegando novas ideas ás explicacións teóricas.
- Utilización das novas tecnoloxías para a procura de información ou para a investigación.
- Pescuda de novos termos para completar o glosario que aparece ao final do tema, traballando en grupos de dúas ou tres persoas.
- Debates na aula.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Os materiais desta unidade van destinados ao alumnado presencial e semipresencial. O profesorado deberá ter en conta a distribución horaria de cada modalidade. A programación temporal da unidade terá unha duración estimada de tres semanas.

Esta unidade segue á do "Medio físico" do ámbito social de 2º da ESA.

Distribuíranse os contidos como segue:

- Dedicaranse cinco sesións ao estudo da globalización co desenvolvemento das actividades correspondentes propostas.
- Dedicaranse cinco sesións ao estudo dos contidos relacionados co comercio internacional e o desenvolvemento das actividades propostas.
- As dúas últimas sesións irán destinadas a resolver dúbidas e a completar o glosario, así coma á realización de actividades de repaso.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 A globalización económica

Nas últimas décadas, o incremento dos movementos de mercadorías, persoas e capitais, así como a difusión de ideas e coñecementos, aceleraron a apertura de economías e fronteiras a escala mundial, proceso que actualmente se coñece co nome de globalización.

A globalización é o nome co que se coñece o proceso de integración mundial nos ámbitos político, cultural, económico, social e tecnolóxico que converteu ao mundo nun lugar cada vez máis interconectado, nunha aldea global.

O proceso da globalización modificou a forma na que os mercados dos diferentes países interactúan.

Hoxe en día, podemos comer a mesma hamburguesa de McDonalds en calquera parte do mundo, podemos mercar, entre moitos outras produtos, unha camiseta fabricada por unha empresa chinesa e comercializada por unha empresa americana, entre moitos outros produtos, ata podemos investir en accións na bolsa de Shanghai SE ou en Wall Street. E, de igual xeito que os europeos podemos acceder a produtos de todo o mundo, os estranxeiros poden acceder aos nosos produtos. Con todo, non só a economía se volveu global e planetaria, tamén se globalizaron os nosos costumes, a nosa comida, a música, a roupa que poñemos... polo tanto, todos os habitantes do planeta estamos interconectados: (o que sucede nun lugar ten consecuencias e afecta a lugares e persoas moi distantes).

2.1.1 Factores da globalización

A globalización actual sostense sobre cinco factores:

- Os **adiantos tecnolóxicos**, a microelectrónica ou a informática repercutiron de maneira positiva nos custos de produción, comercialización e transacción en actividades coma as comunicacións, transferencia de datos e información e transportes en xeral. Este avance tecnolóxico permite reducir distancias, aumentar a calidade dos produtos e servizos, tamén permite flexibilidade á hora de producir, como producir e con que producir.
- A **organización corporativa**. A incorporación do progreso técnico significou adoptar novos modelos de organización por parte das empresas, caracterizados pola flexibilidade e a adaptabilidade pretendendo aproveitar as vantaxes comparativas de cada país e adaptalas ás condicións cambiantes, co obxectivo de mellorar a eficiencia e produtividade fronte á competencia global.

- **As políticas económicas.** Son internacionais e nacionais, de carácter multilateral.
 - Políticas públicas internacionais: asistencia humanitaria, regulación financeira ...
 - Políticas públicas nacionais: Violencia de xénero como unha cuestión de saúde pública ..
- **A igualdade de necesidades.** Co fenómeno da globalización, estamos asistindo a unha explosión das necesidades a nivel mundial. As necesidades coinciden nas diferentes partes do mundo.
- **A xeneralización** (ou estandarización) no emprego dos produtos, procesos e normas.
- **As oportunidades de financiamento**

Factores da globalización ■ Os adiantos tecnolóxicos. ■ A organización corporativa. ■ As políticas económicas. ■ As oportunidades de financiamento. ■ A igualdade de necesidades. ■ A xeneralización.	
--	---

Actividade resolta

Mario quiere mercar un piso e quiere contratar unha hipoteca en francos suízos. Con ese obxectivo leva varios días intercambiando correos e información con varios bancos suízos. Todos os días almorza nun restaurante italiano onde paga coa súa tarxeta de crédito, aínda que hoxe chegou máis tarde porque estivo pendente de mercar accións dunha empresa israelí na bolsa de Nova York a través do seu móbil chinés. Identifica os factores da globalización na vida de Mario.

Oportunidades de financiamento	Hoxe en día é posible abrir contas bancarias e obter préstamos de bancos e caixas de calquera país do mundo, como por exemplo, en iens ou francos suízos.
Tecnoloxía	A informática, a través de Internet, posibilita que as comunicacións, compras e vendas sexan practicamente en tempo real, como no caso das comunicacións cos bancos suízos e a compra de accións da empresa coreana.
Igualdade de necesidades	O gusto pola comida italiana só é un dos moitos que compartimos con moitísimas persoas do mundo.
Xeneralización (de produtos)	As tarxetas de crédito e os móbiles son moitos dos produtos de uso e características idénticas en todo o planeta.

2.1.2 Vantaxes e desvantaxes da globalización

A globalización ten moitas vantaxes, pero asemade presenta algunhas desvantaxes ou deficiencias, como se expón a continuación:

As vantaxes da globalización	
▪ Maior facilidade e rapidez na comunicación entre as persoas.	▪ Mellora o nivel de vida e achegamento entre as persoas.
▪ Maior facilidade e rapidez nos medios de transporte.	▪ Maior número de produtos, maior calidade e prezos máis baixos.
▪ Redución dos custos de transporte, información e comunicacións.	▪ Os empresarios poden levar os produtos a outros países e agrandar as empresas.
▪ Ofrece posibilidades de progreso en termos de organización, eficacia, produtividade e difusión dos coñecementos.	▪ Senta as bases para o establecemento de novas alianzas empresariais e sociais.

As desvantaxes da globalización	
▪ Maior poder das multinacionais.	▪ Maior exposición dos países ás crises.
▪ Problemas medioambientais.	▪ Maiores desigualdades entre países ricos e pobres.

2.1.3 A globalización económica, política e cultural

Globalización económica

O fenómeno da globalización é un proceso económico coas súas implicacións sociais e políticas, como vimos nos puntos anteriores.

Nos últimos anos o dominio do capital fíxose cada vez máis global. A súa proxección mundial intensifícase e moi poucos territorios ou poboacións poden fuxir desta escalada.



O económico impónse sobre o político de xeito cada vez máis claro e xeneralizado.

Globalización política

A globalización política é a extensión do sistema político por todo o mundo. Consiste na convivencia baixo o amparo dun sistema democrático, dunha xustiza global e da libre competencia.



Globalización cultural

Cando as comunicacións non eran tan doadas coma na actualidade, as formas de vida e os costumes eran moi diferentes dun lugar a outro do planeta. Cada sociedade posuía os seus propios costumes á hora de comer, vestirse ou entreterse, entre outros. Hoxe en día, esta práctica cambiou. O mundo está interconectado e todas estas diferenzas locais que aparecían entre uns e outros lugares, están dando paso a determinados modelos culturais que dominan todo o planeta coa globalización cultural.

- As sociedades sosteñen maior fluxo de información e comunicación, así como procesos de homoxeneización das ideas.
- As sociedades multiculturais sofren maior estandarización da cultura e dos estilos de vida persoais, así como a desaparición de linguas minoritarias, de tradicións e de costumes.
- A globalización na cultura maniféstase na integración e no contacto de prácticas culturais: marcas, consumo de medios, valores, personaxes, costumes...



2.1.4 Os problemas medioambientais

A tecnoloxía impulsou o desenvolvemento económico e a prosperidade no século XIX grazas, sobre todo, aos combustibles fósiles (petróleo, carbón, gas natural...). Pero esta prosperidade custou o seu: estamos explotando en exceso os recursos naturais e ademais estamos degradando o medio ambiente. Os problemas máis relevantes en España son:

- A contaminación atmosférica.
- O cambio climático.
- O exceso de explotación e contaminación das augas.
- A degradación da vexetación.
- A erosión e desertización do chan.
- Os residuos sólidos urbanos e industriais.

CONTAMINACIÓN	▪ Choiva ácida: as causas son a emisión de chumbo e nitróxeno, que mesturados con vapor de auga se transforman en ácido sulfúrico e ácido nítrico. As consecuencias son alteracións na vexetación, na auga e nos solos. ▪ Destrucción da capa de ozono: a causa que a provoca é o cloro que aparece nos aerosois e refrixerantes. ▪ O efecto invernadoiro: as causas que o provocan son as emisións de gases como o metano ou o dióxido de carbono. As consecuencias son un aumento global da temperatura a escala planetaria e unha serie de cambios climáticos. ▪ A contaminación urbana: provocada por partículas de po e fume en suspensión. Fórmase sobre as grandes cidades no inverno, xeralmente con tempo anticiclónico. Localízase nas zonas centrais da cidade, onde as temperaturas son máis elevadas. As consecuencias son alteracións nas plantas e edificios e afeccións pulmonares. ▪ O ruído: é un tipo de contaminación característico dos países desenvolvidos. As causas do aumento do ruído que determina a calidade ambiental son o incremento do tráfico e das actividades industriais. As consecuencias que provoca o ruído afectan á saúde, tanto física como psiquicamente.
CAMBIO CLIMÁTICO	▪ A concentración na atmosfera dos chamados "gases do efecto invernadoiro" provocan un aumento da seca na zona mediterránea e unha subida do nivel das augas do mar. Noutras zonas, con todo, prodúcese un aumento das choivas torrenciais.
EXCESO DE EXPLOTACIÓN E CONTAMINACIÓN DAS AUGAS	▪ O exceso de explotación está provocado polo aumento do consumo de auga para usos agrarios, urbanos e industriais, así, produciuse un aumento da construción de obras hidráulicas (pozos, canais) que modificaron a canle e o caudal dos ríos, explotando os acuíferos e provocando o seu desecamento. ▪ A contaminación das augas está producida pola evacuación de refugallo xerados pola acción humana. As causas son a contaminación rural (orixinada polo uso descontrolado de fertilizantes), a contaminación industrial (causada pola expulsión aos ríos e mares de residuos) e a contaminación urbana (xerada pola vertedura de augas fecais e lixos de vertedoiros ilegais).
EROSIÓN E DESERTIZACIÓN	▪ A erosión é un fenómeno natural que na maior parte de España se ve acentuado polas acusadas pendentes e o carácter torrencial das precipitacións. Pode agudizarse debido á deforestación e a prácticas agrícolas e gandeiras. Isto constitúe un problema en España, especialmente nas zonas semiáridas. ▪ A desertización é a perda da capa fértil do chan a causa dunha erosión extrema. É a degradación das terras en zonas áridas e semiáridas, por diversos factores climáticos e humanos, que teñen como consecuencia a degradación dos ecosistemas e a perda de superficie cultivable.
DEGRADACIÓN DA VEXETACIÓN	▪ A excesiva explotación de recursos e a utilización de transxénicos destrúen hábitats naturais, ata o punto de que cada ano se extinguen decenas de miles de especies animais e vexetais, moitas delas aínda descoñecidas.
RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E INDUSTRIAIS	▪ O aumento da súa produción provocou que na periferia de moitas cidades e vilas proliferen vertedoiros incontrolados que contaminan a auga e a terra. A solución a este problema é: ▪ Reducir a produción de residuos, recuperalos para o seu reemprego ou reciclaxe, rematar cos vertedoiros ilegais, utilizar o lixo para producir enerxía.

2.1.5 O cambio climático

É o problema medioambiental que máis preocupa porque se teme que os efectos sexan permanentes, con todo o que isto supón para a calidade de vida das xeracións futuras. Pero a pesar de que existe certo consenso sobre a necesidade de actuar, economistas e Gobernos non se poñen de acordo sobre que medidas adoptar, debido ás **características** do problema climático:

- **A longa escala temporal.** Os efectos adversos ou danos poden tardar anos en se manifestaren.

- **A relatividade do beneficio medioambiental.** Os custos (inmediatos e gravosos) de asumir solucións medioambientais, contrariamente aos seus beneficios, (a longo prazo e xerais), alentan comportamentos difusos por parte daqueles que poderían facer máis. De por parte, non está claro que certos efectos non sexan irreversibles xa.
- **A distribución mundial desigual de beneficios e custos.** Os principais contaminadores do mundo son Europa, China e EUA. Pero a maioría dos países desenvolvidos atópanse en zonas temperadas e, polo tanto, menos expostas ás consecuencias do ascenso da temperatura. É dicir, os que máis contaminan recollen os beneficios, mentres que outros padecen os custos medioambientais.
- **O alcance internacional.** Na práctica, son os países máis pobres os que teñen máis incentivos para reducir a contaminación, pero aínda que o fixeran, o cambio climático vai alén das súas compoñentes territoriais. O problema é global e esixe unha **colaboración conxunta** a escala mundial.

2.1.6 A política medioambiental

A deterioración medioambiental está a producirse a todos os niveis sen que as autoridades competentes tivesen éxito á hora de contrarrestalo. As leis medioambientais españolas teñen a súa orixe na UE.

A **política medioambiental** consiste no desenvolvemento e aplicación de normativas e medidas que contribúen a manter os recursos naturais.

As medidas máis importantes que acompañan a política medioambiental son:

- **O fomento de enerxías alternativas limpas e renovables**, como o sol, o vento e as mareas.



O fomento das enerxías alternativas é un instrumento de política medioambiental

- O establecemento de **impostos e sancións** ás actividades contaminantes, así coma subvencións ás non contaminantes.
- A **educación ambiental**, a través de campañas publicitarias e cursos, pero tamén a través do sistema educativo.

2.1.7 Desigualdades e subdesenvolvemento

Coa globalización, as desigualdades incrementáronse no interior do todos os países. Pero son moi superiores as que se producen entre países, ao non existiren, instrumentos de redistribución internacional da riqueza similares aos que existen no interior deles.


Por conseguinte, mentres unha parte da poboación mundial vive confortablemente, a maioría segue a subsistir baixo o limiar da pobreza.

Os trazos que caracterizan o subdesenvolvemento son de natureza económica, pero tamén hai outros de carácter demográfico e institucional, propios do subdesenvolvemento.

Destacamos coma trazos que caracterizan ó subdesenvolvemento: a baixa renda per cápita, as altas taxas de crecemento demográfico, a escasa formación cultural, unha estrutura produtiva pouco tecnificada, un escaso aforro e investimento e recursos produtivos desatendidos, así como unha inestabilidade política que ofrece un nivel de infraestruturas deficiente e unha elevada débeda externa.

2.1.8 O desenvolvemento sostible


En contraposición ao subdesenvolvemento articúlase a idea do desenvolvemento. que implica progreso, avance ou mellora. Para que dito desenvolvemento sexa completo debe integrar tres dimensións: a *económica*, a *social* e a *medioambiental*.



De por parte, para que o desenvolvemento acadado non sexa fume de palla, debe perdurar no tempo, isto é, ser sostible. Cando se fala de **desenvolvemento sustentable**, aludimos *aquel que satisfai as necesidades actuais das persoas, sen comprometer a capacidade das futuras xeracións para satisfacer as súas.*

Actividade resolta

Una os titulares de prensa da columna da esquerda, extraídos da prensa económica a propósito de países en vías de desenvolvemento, coas características do subdesenvolvemento.



Actividades propostas

S1. Que vantaxes cre que ofrece a globalización ás grandes empresas para competiren?

--

S2. Se deslocalización é o nome co que se coñece o traslado das empresas duns países a os outros, indique cal é a relación deste fenómeno coa globalización.

--

S3. Indique se son limpas ou renovables cada unha das seguintes fontes de enerxía, (son **limpas** as enerxías que non producen refugallo, mentres que son **renovables** as que se renovan continuamente con fontes inesgotables).

▪ Gas natural.	
▪ Solar.	
▪ Mareomotriz.	

▪ Petróleo.	
▪ Eólica.	
▪ Nuclear.	

S4. Como cre que poden os consumidores e as institucións públicas premiar ou castigar as empresas en relación co seu respecto polo medio ambiente?

S5. Risque da seguinte listaxe aquelas enerxías que crea que non usa:

Enerxía solar	Carbón	Biomasa	Enerxía química
Leña	Gas	Electricidade	Enerxía nuclear
Alcol	Petróleo	Enerxía hidráulica	Vento

S6. Faga unha listaxe coas tres enerxías que máis se usen no instituto e outra coas tres que máis se utilicen na súa casa.

TRES ENERXÍAS QUE MÁIS SE USEN NO INSTITUTO	TRES ENERXÍAS QUE MÁIS SE USEN NA SÚA CASA
▪ ▪ ▪	▪ ▪ ▪


S7. Asocie os seguintes titulares de prensa cos problemas medioambientais estudados:

TITULAR DE PRENSA	PROBLEMA
"Todos os coches analizados por España superan na estrada o tope de emisións".	
"Unha nova guerra fría paira sobre o Ártico".	
"Os contaminantes provocan a temida choiva ácida".	
"Condena europea a España por non eliminar 61 vertedoiros ilegais".	
"O tigre, o elefante asiático e o oso polar son algúns dos animais en perigo de extinción en todo o mundo".	



S8. Asocie os seguintes enunciados coas características do subdesenvolvemento.

TITULAR DE PRENSA	CARACTERÍSTICAS
"As eleccións baixo sospeita".	
"A taxa de natalidade segue aumentando a pasos axigantados".	
"A débeda segue consumindo máis do 80% da riqueza anual".	
"A escaseza de estradas dificulta a comunicación entre leste e oeste".	

- S9. Que poderíamos facer nós para evitar o cambio climático? Utilizar a enerxía de maneira responsable. Guiándose polas imaxes, propoña diferentes medidas, como a do exemplo:

	
	
	
■ Utilizar máis o transporte público. ■ ■	

- S10. Escriba debaixo de cada debuxo a palabra que corresponda. Todas están relacionadas coa enerxía.

Gasolina - Sol - Vento - Electricidade - Vento - Comida - Electricidade - Comida		
		
		
		

2.2 Comercio Internacional

O comercio internacional implica a realización de intercambios entre os diferentes países. As principais causas do comercio internacional son as seguintes:


- O país non produce o ben ou servizo que necesita.
- O país non produce o ben ou servizo na cantidade necesaria.
- O país produce maior cantidade de bens ou servizos dos que consome.

Nas operacións de comercio internacional, intercámbianse:

- Mercadorías.
- Servizos.
- Capitais.
- Man de obra.

Nas operacións de comercio internacional distínguese entre *quen entrega (exportador)* e *quen recibe (importador)* os bens ou servizos.

En función de que a operación de exportación-importación se desenvolva dentro ou fóra do mesmo **territorio alfandegueiro** (zona xeográfica na que existe libre circulación de mercadorías) diferénciase entre *comercio internacional* e *comercio exterior*. Por exemplo, o caso de España e dos países europeos pertencente á Unión Europea que, entre outras cuestións, forman un único territorio alfandegueiro.



O comercio internacional realízase en **divisas**, entendéndose como tal calquera moeda que non sexa a do propio país. Por exemplo, o dólar (\$) é unha divisa en España, pero non nos Estados Unidos, e o euro (€) é unha divisa nos Estados Unidos, pero non en España.

A peculiaridade do mercado de divisas radica no feito de que o **tipo de cambio** dunha divisa se establece sempre en relación con outra moeda (prezo dunha moeda con respecto a outra moeda).

Actividade resolta

A cantos dólares equivalen 75 euros se o cambio con respecto ao dólar é de 1,06598 €/ 1 dólar?.

1,06598 €	_____	1 dólar	}	$1,06598 \cdot x = 100$ $x = 100 / 1,06598 = \mathbf{93,810 \text{ dólares}}$
75 €	_____	x dólares		

2.2.1 Os beneficios do comercio internacional: a vantaxe comparativa

O modelo da vantaxe comparativa é un dos conceptos básicos que fundamenta o comercio internacional, amosando que os países adoitan especializarse en producir aqueles bens ou servizos nos que son máis eficientes (cun menor custo) e exportalos a aqueles outros países que non son tan eficientes na súa produción. E o mesmo ocorre en sentido contrario, os países importarán aqueles bens ou servizos nos que comparativamente non son tan eficientes coma os que os producen.

A todo o mundo lle interesa especializarse en actividades que xeren a maior riqueza posible. Pero cando se trata de países non abunda con iso, senón que ademais hai que especializarse naquilo que sexa valioso nos mercados internacionais, xa que, no caso contrario, ninguén quere comerciar con ese país.

Se un é bo na produción de certos bens e servizos ten vantaxe. Pero si ademais é mellor ca outros, ten **vantaxe comparativa** (os países especialízanse en bens e servizos que producen mellor cós outros).

CAUSAS	CONSECUENCIAS
▪ Diferenzas de clima e recursos naturais. ▪ Diferenzas nas dotacións de factores e recursos naturais. ▪ Diferenzas de tecnoloxía e especialización.	▪ Causa determinante do comercio internacional. ▪ Os países tenderán a ser exportadores de produtos cuxa produción requira de factores produtivos relativamente abundantes no país.

2.2.2 Proteccionismo fronte ao libre comercio

Na práctica hai certo tipo de bens que un país de ningún xeito pode deixar de producir porque entón se crearía unha situación de dependencia do exterior contraproducente. Este é o caso das armas ou da tecnoloxía. Tamén os intereses nacionais se ven afectados cando a entrada de produtos estranxeiros prexudica á industria e os postos de traballo do propio país. Por estas e outras razóns os Gobernos limitan a entrada de produtos estranxeiros, actuacións que se coñecen como **proteccionismo** (*conxunto de actuacións que teñen por obxecto restrinxir a entrada de produtos estranxeiros co fin de protexer os intereses nacionais*).

En definitiva, fronte aos argumentos a favor do libre comercio hai outros a favor do proteccionismo, como podemos ver a continuación:

PROTECCIONISMO ▪ A protección de industrias estratégicas, como a defensa nacional. ▪ O fomento da industrialización e a creación de emprego. ▪ O desenvolvemento de industrias nacentes.		LIBRE COMERCIO ▪ Maior variedade e cantidade de bens e servizos grazas á especialización. ▪ Maior calidade e mellores prezos como resultado da maior competencia entre empresas.
Argumentos a favor do proteccionismo e do libre comercio		

2.2.3 Barreiras ao libre comercio

Na actualidade as medidas máis empregadas para frear as importacións de produtos doutros países son:

- **Gravar as importacións con aranceis:** a principal ferramenta para frear as importacións son os aranceis, impostos que hai que aboar para ter o dereito de paso a un país ou territorio alfandegueiro.
- **Fixar cotas limitadas de produtos estranxeiros (continxentes):** consiste en establecer limitacións á cantidade que se pode importar de determinados bens.
- **Subvencionar as industrias nacionais:** coa idea de que poidan competir con produtos máis baratos ou de mellor calidade, as autoridades axudan ás industrias nacionais e protexen os seus postos de traballo.
- **Establecer barreiras non comerciais:** este tipo de medidas supón trabas ás importacións, pero non con impostos, senón con complexos trámites burocráticos, o cumprimento de normas de calidade, etiquetados especiais...

2.2.4 Organismos de cooperación internacional

Unha vez rematada a Segunda Guerra Mundial e para evitar que algo así volvесе acontecer, abriuse unha reflexión sobre os problemas que a desencadearan. Entre outros, apuntáronse a *falta de cooperación entre países* e os *efectos da crise económica dos anos trinta*.

Nese sentido, os países acordaron a creación de organismos internacionais que fomentaran a cooperación, tanto política como económica.

O organismo político internacional que se creou foi a **Organización das Nacións Unidas (ONU)**. A ONU é unha organización internacional formada por 192 países independentes. Estes reúnense libremente para traballar xuntos en favor da paz e loitar contra a pobreza e a inxustiza no mundo.

Os organismos económicos máis importantes relacionados con ela son:

- A **Organización Mundial do Comercio (OMC)**. Organización internacional que se ocupa das normas que rexen o comercio entre os países. Referente do comercio internacional que trata de eliminar os aranceis.
- A **Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE)**. Foro único onde os gobernos de trinta economías democráticas traballan conxuntamente para afrontar os desafíos económicos e sociais da globalización e aproveitar as súas oportunidades. Ten como obxectivo liberalizar progresivamente os movementos de capitais e de servizos.
- O **Fondo Monetario Internacional (FMI)**. Promove a estabilidade financeira e a cooperación monetaria internacional. Busca facilitar o comercio internacional, promover un emprego elevado e un crecemento económico sostible, así como reducir a pobreza no mundo enteiro.
- **Banco Mundial (BM)**. Fonte fundamental de asistencia financeira e técnica para os países en desenvolvemento. Organización única que persegue reducir a pobreza e apoiar o desenvolvemento.

Actividades propostas

S11. A quen favorece máis o comercio internacional?

S12. Se España vende froita a Alemaña e Alemaña vende coches a España:

- Quen está a importar coches e quen está a exportar froita?
- Trátase de operacións de comercio internacional ou exterior? E se a venda de froita fose a Canadá?

S13. Xurxo é forte, pero aguanta pouco tempo correndo. Xaquín, en cambio, é capaz de correr moito tempo. Como os dous son amigos deciden apuntarse xuntos a carreiras de velocidade.

- Están actuando conforme ás súas vantaxes comparativas? Por que?

S14. Diga a que tipo de barreiras ao libre comercio pertencen as seguintes medidas:

- Limitar o número de calculadoras chinesas de importación.
- Axudar a unha industria nacente tecnolóxica.
- Fixar un imposto a cada unidade importada.
- Obrigar a incorporar un etiquetado especial aos produtos importados.

2.2.5 A integración económica

A progresiva diminución de aranceis que seguiu á Segunda Guerra Mundial e as actividades das multinacionais estreitaron as relacións económicas mundiais ata o punto de que os países emprenderon distintos procesos de integración económica.

A integración económica é o proceso de unión de mercados que ten como obxectivo a formación de espazos supranacionais máis competitivos e eficientes cós de orixe.

A forma máis básica de integración é o **comercio preferente**, fórmula mediante a cal dous ou máis países acordan reducir aranceis entre eles. As restantes fórmulas de integración non só supoñen a desaparición de aranceis, senón que ademais son máis avanzadas e seguen un esquema acumulativo de menos a máis, desde a área de libre comercio á unión económica e monetaria, pasando pola unión alfandegueira e o mercado común.

2.2.6 A Unión Europea

A Unión Europea é un dos casos de integración económica máis avanzados do mundo: evolucionou desde un mercado común ata unha unión económica e monetaria, e como tal as súas características son:

- Arancel alfandegueiro común fronte a terceiros países.
- Libre circulación de persoas, mercadorías e capitais.
- Unha moeda común, o euro (€), así como unha política económica e monetaria común.

Como funciona a Unión Europea?

A UE dispón con cinco institucións con cadansúa función específica, para desenvolver os seus propósitos:

- **O Parlamento Europeo:**
 - Examina e establece a lexislación europea. Comparte este poder coa Comisión Europea.
 - Aproba o orzamento da Unión Europea.
 - Efectúa un control democrático das outras institucións da Unión Europea.
 - Dá o visto e praxe a acordos internacionais importantes: admisión de novos Estados á Unión...

■ **O Consello da Unión Europea:**

- Instancia con poder de decisión da Unión Europea.
- Representa os Estados membros, asistindo ás súas reunións un ministro de cada un dos Estados membros.

■ **A Comisión Europea:**

- É independente dos gobernos nacionais.
- Representa e defende os intereses da UE no seu conxunto.
- Elabora propostas para as novas leis europeas que presenta ao Parlamento Europeo e ao Consello.
- É responsable de aplicar as decisións do Parlamento e do Consello.
- Xestiona a actividade diaria da Unión Europea.
 - Aplica as súas políticas.
 - Executa os seus programas.
 - Utiliza os seus fondos.

■ **O Tribunal de Xustiza da Unión Europea:**

- Ten a súa sede en Luxemburgo.
- Está formado por un xuíz representante de cada país membro.
- Garante que se cumpran as normas comúns en toda a UE.
- Resolve os problemas que se suscitan a propósito da interpretación dos Tratados da Unión ou a lexislación comunitaria.

■ **O Tribunal de Contas Europeo:**


- Ten a súa sede en Luxemburgo.
- Comproba se os fondos da UE se recadan de forma axeitada e se se utilizan de xeito legal, económico e para o propósito previsto.
- O seu obxectivo é garantir que os contribuíntes obteñan a máxima rendibilidade do seu diñeiro.

Proceso de construción da Unión Europea e Monetaria

A construción europea é un proxecto único que logrou que os Estados europeos superaran un pasado marcado polos conflitos e desenvolvan conxuntamente un novo marco común de entendemento político, económico e social.

Aínda que naceu no ano 1957, e debido a sucesivas ampliacións posteriores, a UE non conseguiu converterse nun mercado común ata a década dos oitenta, momento no que se incorporaron España e Portugal, concretamente en 1986.

Tras unha década de preparación, en 2002 naceu fisicamente o euro, e con el a Unión Económica e Monetaria. Actualmente a UE fórmana 28 países, pero só os da **eurozona** substituíron as súas moedas nacionais polo euro.



Vantaxes da Unión Europea

As vantaxes de pertencer á Unión Europea son as propias dos países que se agruparon baixo o paraugas da unión económica e monetaria, as cales fan bo o refrán "a unión fai a forza". Podemos identificar as seguintes vantaxes:

1. Para o creación de novas empresas	2. Para o comercio internacional
- As empresas que necesitan alta tecnoloxía teñen grandes custos fixos. Estes custos non se poderían compensar coas vendas nos mercados de cada un dos países de forma individualizada. Na UE si se poden ver compensados, dado que conta cun mercado de case medio millón de habitantes. - A UE supón unha área de integración rexional que favorece os acordos de cooperación entre os estados membros. - A moeda única (o euro) elimina os riscos dos tipos de cambio.	- Foméntase a especialización. Cada país europeo pode especializarse naqueles sectores para os que estea máis dotado. Deste xeito, a produción será máis eficiente e terá unha maior calidade. - Os custos administrativos redúcense, dado que as aduanas se eliminan, permitindo unha libre circulación do comercio, cunha maior fluidez.
3. Para avanzar nos ámbitos político e económico	4. A libre circulación de persoas favorece a mobilidade dos cidadáns da Unión Europea
- Os países integrantes da zona euro vense obrigados a adoptar no campo económico unha maior disciplina; cada un destes países debe presentar uns indicadores económicos equilibrados. - A UE, supón a harmonización das lexislacións nacionais nalgúns materias como educación, fiscalidade ou finanzas, entre outras. - Negociar coa UE supón negociar coa maior potencia económica mundial.	- Pódese viaxar cunha maior facilidade entre os países membros, supoñendo unha vantaxe no que se refire ao ocio, pero tamén aumentan as posibilidades de formación para os cidadáns dos países membros. - O mercado de traballo tamén se verá favorecido, os traballadores poden desprazarse libremente a aqueles outros países onde exista oferta de traballo.

Desvantaxes da Unión Europea

Se as vantaxes de pertencer á Unión Europea son as propias de actuar en bloque e como un equipo, as desvantaxes son as que xorden cando nese equipo hai países con distinta importancia relativa, xa que hai rexións e empresas que teñen vantaxes sobre as demais.

As principais desvantaxes son as seguintes:

1. Concentración rexional do capital	2. Creación de grandes empresas
O comercio internacional favorece as áreas intensivas en capital, as cales atraen os grandes investimentos. A periferia vese condenada a desenvolver sectores menos rendibles.	A UE fomenta a grande empresa. O seu poder é excesivo. Isto non é negativo de seu. De feito, necesítase unha grande cantidade de capital para levar a cabo os investimentos que demandan os sectores punta da tecnoloxía. O problema da creación de grandes empresas é que poden derivar en prácticas monopolistas que eliminen a libre competencia.
3. Perda de soberanía	4. Desviación do comercio
Na UE non está clara a división de poderes. Isto débese a que o Parlamento Europeo non ten as competencias dos parlamentos nacionais. As súas funcións lexislativas son aínda escasas. Mentres isto non se modifique, os representantes dos cidadáns da UE, teñen unha función residual .	A integración favorece ás nacións que forman parte da mesma, pero prexudica ao resto dos estados que non forman parte do proceso. Deste xeito, o comercio desvíase cara aos países da UE.
Desvantaxes de pertencer á UE	

Conclusións sobre a Unión Europea

- O euro é a moeda da maioría dos países que conforman a Unión Europea.
- O seu mercado resulta ser moi amplo, e o seu comercio non só se basea en produtos que se xeran en todos os países que pertencen á Unión, xa que eses países comercializan os produtos con outros.
- Niveis moi elevados de desenvolvemento dos países, creando unha poboación cunha economía máis desenvolvida.
- O seu bo funcionamento débese aos importantes órganos que se encargan da súa correcta actividade, pois están ben organizados e o obxectivo común é ofrecer un beneficio económico a todas as nacións que forman a UE.
- En conclusión, a UE amósanos o claro exemplo de que é posible a unificación de economías para unha mellora e beneficio dos países.

Actividade resolta

Relacione os titulares de prensa da columna da esquerda coas vantaxes ou desvantaxes propias de pertencer á UE.

1. "As relacións comerciais de España con América latina seguen diminuíndo mentres aumentan coa UE".	1. Desvantaxe: polarización do comercio.
2. "A Axencia Estatal Europea segue recollendo éxitos".	2. Vantaxe: desenvolvemento de proxectos conxuntos.
3. "A UE gaña un tanto no aceiro fronte a Estados Unidos".	3. Vantaxe: maior poder de negociación.
4. "España ten que adaptar a súa lexislación medioambiental no que se refire á reciclaxe de aceites usados".	4. Vantaxe: leis máis avanzadas.
5. "A inestabilidade de Grecia segue prexudicando o euro".	5. Desvantaxe: interdependencia na eurozona.
6. "A UE obriga a España a axustar os seus gastos".	6. Vantaxe: maior disciplina orzamentaria.

Actividades propostas

S15. Identifique a que institución da UE corresponde cada unha das seguintes funcións:

▪ Aprobar o orzamento da UE.	▪
▪ Representar e defende os intereses da UE no seu conxunto.	▪
▪ Representar aos Estados membros.	▪
▪ Dar o visto e prace dos acordos internacionais.	▪
▪ Comprobar que os fondos da UE se apliquen axeitadamente.	▪
▪ Ser responsable de aplicar as decisións do Parlamento e do Consello.	▪

S16. Explique as vantaxes que, en materia de custos, ten unha empresa española fronte a unha norteamericana á hora de realizar unha venda en Francia cuxo cobro se pacta en 90 días.

S17. Como membro da UE e da eurozona, España ten os mesmos aranceis e a mesma moeda que outros países europeos. Que desvantaxes supón isto?

S18. Cales son as principais características da UE como Unión Económica e Monetaria?

S19. Antón e Esperanza son irmáns. Crearon unha empresa cuxa actividade é o asesoramento fiscal e laboral a empresas de nova creación. Antón é un bo asesor laboral e ten coñecementos Web. Esperanza asesora laboral e fiscalmente igual de ben, aínda que non está tan actualizada na última reforma laboral, e apenas se defende coa informática. Como deberían proceder no reparto de tarefas de acordo coa teoría da vantaxe comparativa? Por que?

S20. *London Room* é unha coñecida empresa londiniense que fabrica e exporta todo tipo de produtos de cosmética. Vende a unha firma española cosméticos por valor de 50.000 libras.

- Que empresa actúa como exportadora e cal como importadora?.
- É unha operación de comercio internacional ou de comercio exterior?.
- Se un euro se cambia por 0,84 libras, cantos euros necesita a firma española para pagar á empresa londiniense?

S21. Procure oito palabras relacionadas co comercio internacional na seguinte sopa de letras.

C	A	X	E	R	R	U	L	O	P	G	A	T	O	S	A	T
M	L	X	Z	V	U	I	O	P	Q	A	S	D	A	V	T	E
A	L	I	T	O	R	O	A	L	E	X	T	E	R	I	O	R
D	P	O	B	E	D	L	I	R	O	B	D	X	A	B	N	R
I	P	R	E	R	U	I	T	F	B	O	U	M	N	E	A	I
E	D	V	O	X	E	A	D	L	O	O	L	N	C	I	S	T
X	I	C	I	T	N	C	L	R	H	E	P	E	E	L	B	O
P	L	O	M	A	E	T	A	E	A	D	I	X	I	Ñ	R	R
O	I	N	P	I	M	C	E	M	B	U	E	P	S	N	I	I
R	C	T	O	M	Ñ	A	C	P	B	C	S	O	U	M	I	O
T	T	I	R	G	T	D	V	I	I	I	T	R	N	F	G	A
A	O	N	T	S	I	S	E	M	O	C	S	T	D	R	A	D
C	E	X	A	O	I	X	N	O	L	N	S	M	A	T	T	U
I	U	E	C	P	O	W	T	R	I	I	I	A	O	X	O	A
O	R	N	T	A	D	E	U	R	O	O	Z	S	R	X	R	N
N	A	T	O	R	O	A	C	R	A	N	X	C	M	C	I	E
P	E	E	R	A	A	E	C	T	T	S	Ñ	O	I	O	A	I
U	S	S	R	S	I	R	I	N	D	E	P	I	A	V	F	R
U	T	P	E	I	R	M	O	I	O	C	E	N	O	U	P	O

S22. En que grao favorece a UE a unha compañía francesa como Renault?

S23. E a un pequeno comercio coma o de Xan?

S24. Que sabe de Europa?.

- Que é o Tratado de Maastricht?.
- Coñeces en que consiste o proxecto Erasmus+?
- Cales son os símbolos da UE?

--

S25. A bandeira da UE.

- Que cores ten?
- Ten algún símbolo?
- Busque unha imaxe dela.

--

S26. Una con frechas.

▪ FMI
▪ ONU
▪ OCDE
▪ OMC
▪ BM

▪ Organización internacional formada por 192 países independentes.
▪ Organización única fonte fundamental de asistencia financeira.
▪ Promove a estabilidade financeira e a cooperación monetaria internacional.
▪ Foro único onde os gobernos de trinta economías democráticas traballan para afrontar os desafíos económicos e sociais.
▪ Organización internacional que se ocupa das normas que rexen o comercio entre os países.

3. Resumo de contidos

A globalización económica

A globalización é o nome co que se coñece o proceso de creación dun mercado mundial sen fronteiras xeográficas.

▪ Factores da globalización.

- Liberalismo económico.
- Tecnoloxía.
- Oportunidades de financiamento.
- Igualación de necesidades.
- Xeneralización no uso de produtos, procesos e normas.

▪ Vantaxes da globalización.

- Circulación de bens e produtos importados.
- Desenvolvemento tecnolóxico.
- Aumento de investimentos estranxeiros.
- Contribúe á diminución da inflación.

▪ Desvantaxes da globalización.

- Maior poder das multinacionais.
- Maior exposición dos países ás crises.
- Problemas medioambientais.
- Maiores desigualdades entre países pobres e ricos.

Os problemas medioambientais

▪ Os problemas máis relevantes son os seguintes:

- Contaminación.
- Chuvia ácida.
- Destrución da capa de ozono.
- Efecto invernadoiro.
- Contaminación urbana.
- Ruído.
- Cambio climático.

- Exceso de explotación e contaminación das augas.
- Erosión e desertización.
- Degradación da vexetación.
- Residuos sólidos urbanos e industriais.

▪ **O cambio climático.**

Problema medioambiental que máis preocupa, porque se teme que os seus efectos sexan permanentes, con todo o que iso comporta para a calidade de vida das xeracións futuras.

▪ **A política medioambiental.**

Consiste no desenvolvemento e aplicación de normativas e medidas que contribúen a manter os recursos naturais.

Medidas das que se acompaña a política medioambiental:

- Fomento das enerxías alternativas limpas e renovables.
- Establecemento de impostos e multas.
- Subvencións.
- Educación ambiental.

Desigualdades e subdesenvolvemento

Coa globalización, as desigualdades van incrementándose no seo de todos os países. Polo tanto, mentres unha parte da poboación mundial vive confortablemente, a outra parte vive subsistindo baixo o limiar da pobreza.

▪ **Subdesenvolvemento. Características.**

- Demográficas.
 - Baixa renda per cápita.
 - Altas taxas de crecemento demográfico.
 - Escasa formación cultural e social.
- Económicas.
 - Estrutura produtiva primaria.
 - Mal funcionamento dos mercados.
 - Escaso aforro e investimento.
- Institucionais ou públicas.
 - Inestabilidade política ou falta de democracia e transparencia.
 - Nivel de infraestruturas deficiente.
 - Elevada débeda con outros países.

O desenvolvemento sostible

En contraprestación ao subdesenvolvemento, artículase a idea de desenvolvemento, que implica progreso, avance ou mellora. Debe integrar tres dimensións:

- A económica.
- A social.
- A medioambiental.

O comercio internacional

Comercio con outros países de bens e servizos.

- Comercio exterior: mesmo territorio alfandegueiro.
- Comercio internacional: distinto territorio alfandegueiro.
- Territorio alfandegueiro: zona xeográfica na que existe libre circulación de mercadorías.

▪ As divisas.

Moeda dun país.

- Tipo de cambio. Prezo dunha moeda con respecto a outra moeda.

▪ Os beneficios do comercio internacional: vantaxe comparativa.

- A teoría da vantaxe comparativa, segundo a cal os países se especializarán en bens e servizos que producen dun xeito mellor que os demais.

Proteccionismo fronte ao libre comercio

▪ Proteccionismo.

Conxunto de actuacións que teñen por obxecto restrinxir a entrada de produtos estranxeiros co fin de protexer a industria nacional.

▪ Barreiras ao libre comercio.

- Gravar as importacións con aranceis.
- Fixar cotas limitadas de produtos estranxeiros.
- Subvencionar ás industrias nacionais.
- Establecer barreiras non comerciais.

▪ Organismos de cooperación internacional.

- ONU.
- OMC.
- OCDE.
- FMI e BM.

A integración económica

Proceso de unión dos mercados que teñen como obxectivo a formación de espazos supranacionais máis competitivos e eficientes cós de orixe.

A Unión Europea (UE)

Integración económica que evolucionou desde un mercado común ata a Unión Económica e Monetaria. Características:

- Arancel alfandegueiro común fronte a terceiros países.
- Libre circulación de persoas, capitais e mercadorías.
- Unha moeda común: o euro.

■ Como funciona?

A UE conta con cinco institucións con cadansúa función específica, para desenvolver os seus propósitos:

- O Parlamento Europeo.
 - Examinar e adoptar a lexislación europea.
 - Aprobar o orzamento da UE.
 - Efectuar un control democrático das institucións da UE.
 - Dar o visto e prace a acordos internacionais importantes.
- O Consello da UE.
 - Representa os Estados membros.
- A Comisión Europea.
 - Representa e defende os intereses da UE no seu conxunto.
- O Tribunal de Xustiza da UE.
 - Garante que se cumpran as normas comúns na UE.
 - Resolve os problemas que se suscitan a propósito da interpretación dos Tratados da Unión ou lexislación comunitaria.
- O Tribunal de Contas Europeo.
 - Comproba que os fondos da UE se recadan correctamente e se utilicen de forma legal, económica e para o propósito previsto.

■ Proceso de construción da Unión Económica Europea e Monetaria.

■ **Vantaxes da UE.**

- Países.
 - Maior disciplina orzamentaria.
 - Leis máis avanzadas.
 - Maior poder de negociación.
 - Desenvolvemento de actividades conxuntas.
- Empresas.
 - Menores custos.
 - Maior especialización.
 - Mellores prezos e calidade.
 - Menor inseguridade.
- Traballadores.
 - Maiores posibilidades de formación e traballo.

■ **Desvantaxes da UE.**

- Desequilibrios rexionais.
- Perda de soberanía.
- Interdependencia na eurozona.
- Menoscabo da competencia.
- Polarización do comercio.

4. Actividades complementarias

S27. Faga un traballo de investigación sobre o seguinte tema:

"Que sucede cando un país do euro entra en problemas?"

O traballo:

- Farase en grupos de dúas persoas.
- Utilizaranse as novas tecnoloxías a través de Internet para a procura da información.
- Entregarase nun documento de texto.



S28. Axudándose do enlace que aparece a continuación, procure a seguinte información básica sobre a UE.

<https://europa.eu/european-union>

- Os 28 países membros da UE. Sináleos nun mapa.
- Situación actual do Reino Unido.

O traballo:

- Farase en grupos de dúas persoas utilizando Internet como fonte de información.
- Entregarase nun documento de texto.

S29. Complete o glosario de termos que aparece ao final da unidade, incluíndo todos aqueles que non aparezan reflectidos.

O traballo:

- Farase na aula en grupos de dúas persoas.
- Cada grupo ha de buscar dez termos coas súas definicións.
- Cada grupo exporá perante o resto dos compañeiros os termos seleccionados, para evitar que se repitan.

S30. Faga un traballo de investigación sobre o seguinte tema:

"Por qué preocupa a globalización cultural?"



Globalización, publicidade, multinacionais, identidade.

- Ata que punto a publicidade e as multinacionais inflúen nos seus gustos, afeccións e ideas? Sabería dicir de que países proveñen os seus grupos musicais favoritos ou as películas que máis lle gustan?
- Supoña que traballa nunha pequena empresa artesanal nun país africano. Cre que podería fabricar o tipo de produtos que estean de moda como consecuencia da globalización cultural?

O traballo:

- Farase en grupos de dúas persoas.
- Entregarase nun documento de texto que se debe elaborar na casa.

5. Exercicios de autoavaliación

1. É unha ameaza para o desenvolvemento sostible.

- ☐ O desemprego.
- ☐ O cambio climático.
- ☐ A corrupción.
- ☐ O gasto público.

2. Un país proteccionista:

- ☐ Está a favor do libre comercio.
- ☐ Defende os intereses dos seus consumidores.
- ☐ Introduce aranceis.
- ☐ Ten unha moeda forte.

3. A permanencia de España na UE...

- ☐ Aumenta o noso poder de negociación no mundo.
- ☐ Dificulta que nos endebedemos.
- ☐ Fai España máis independente.
- ☐ Aumenta os custos do comercio.

4. O euro...

- ☐ É a moeda común de toda a UE.
- ☐ É a moeda común da UE e E.U.A.
- ☐ É a moeda común da eurozona.
- ☐ É a moeda máis cara do mundo.

5. Cal das seguintes opcións consideras que se corresponde coa figura dun comprador?

- ☐ O importador.
- ☐ O territorio alfandegueiro.
- ☐ O exportador.
- ☐ A divisa.

6. Que impacto ten a pertenza á UE nos estados membros?

- ☐ Fai os Estados membros máis independentes.
- ☐ Fai os Estados membros máis interdependentes.
- ☐ Fai os Estados membros máis pobres.
- ☐ Fai os Estados membros máis populosos.

7. Cal das seguintes afirmacións sobre o proteccionismo é correcta?

- ☐ Aumenta o comercio.
- ☐ Outorga ingresos fiscais.
- ☐ É propio da globalización.
- ☐ Abarata os produtos.

8. Cal das seguintes non é unha barreira ao libre comercio?

- ☐ Subvencionar ás industrias nacionais.
- ☐ Subvencionar ás industrias estranxeiras.
- ☐ Establecer barreiras non comerciais.
- ☐ Gravar as importacións con aranceis.

9. Segundo a teoría da vantaxe comparativa:

- ☐ Os países especialízanse nos bens e servizos que producen mellor cós demais.
- ☐ Os países especialízanse naqueles bens que venden máis caros.
- ☐ Os países especialízanse na importación daqueles bens que son máis baratos.
- ☐ As tres anteriores non son correctas.

10. O desenvolvemento e aplicación de normativas e medidas que contribúen a manter os recursos naturais fan referencia:

- ☐ Ao cambio climático.
- ☐ Á política medioambiental.
- ☐ Ás enerxías renovables.
- ☐ Ao fomento das enerxías alternativas limpas e renovables.

11. Organismo de cooperación internacional que promove a estabilidade financeira e a cooperación monetaria internacional:

- ☐ O Banco Mundial.
- ☐ A Organización das Nacións Unidas.
- ☐ O Fondo Monetario Internacional.
- ☐ A Organización Mundial do Comercio.

12. Institución da UE responsable de garantir que se cumpran as normas comúns na UE:

- ☐ O Parlamento Europeo.
- ☐ O Tribunal de Xustiza da UE.
- ☐ O Consello da UE.
- ☐ Todas son verdadeiras.

13. O Parlamento Europeo é o responsable de:

- ☐ Garantir que se cumpran as normas comúns da UE.
- ☐ Aprobar o orzamento da UE.
- ☐ Representar os Estados membros.
- ☐ Defender os intereses da UE.

14. Cal das seguintes non é unha vantaxe da UE?

- ☐ Creación de grandes empresas.
- ☐ Libre circulación de persoas.
- ☐ A moeda única elimina os riscos do tipo de cambio.
- ☐ Todas son verdadeiras.

15. En que ano se incorporaron España e Portugal á UE?:

- ☐ Na ampliación de 2004.
- ☐ Na ampliación de 1995.
- ☐ Na ampliación de 1986.
- ☐ Na ampliación de 1981.

6. Solucionario

6.1 Solucións das actividades propostas

- S1. Que vantaxes cree que ofrece a globalización ás grandes empresas para competir?

Vantaxes

- Aumenta a calidade dos produtos.
- Maior aproveitamento da capacidade produtiva.
- Fontes de financiamento como subvencións á exportación, créditos á exportación,...
- Investimentos en novas tecnoloxías.

- S2. Se deslocalización é o nome co que se coñece o traslado das empresas duns países a outros, indique cal é a relación deste fenómeno coa globalización.

A deslocalización é un proceso polo que as empresas trasladan o seu proceso produtivo a outros países co obxectivo de obter unha maior rendibilidade. Os motivos polos cales as empresas adoptan esta opción son principalmente económicos: salarios máis baixos, o prezo do solo ou dos locais ofrecidos polos países máis baixo, diminución dos custos de transporte debido á proximidade das materias primas e menores cargas fiscais. Polo tanto, as empresas están modificando a súa localización. Isto supón a apertura dos mercados.

- S3. Indique se son limpas ou renovables cada unha das seguintes fontes de enerxía, (son **limpas** as enerxías que non producen refugallo, mentres que son **renovables** as que se renovan continuamente con fontes inesgotables)

▪ Gas natural.	Non renovable.
▪ Solar.	Renovable e limpa.
▪ Mareomotriz	Renovable.

▪ Petróleo.	Non renovable.
▪ Eólica.	Renovable e limpa.
▪ Nuclear.	Non renovable.

- S4. Como cre que poden os consumidores e as institucións públicas premiar ou castigar as empresas en relación co seu respecto polo medio ambiente?

Premiar as empresas:	Castigar as empresas:
▪ Subvencionar ás empresas economicamente por parte das institucións públicas ▪ Facer unha campaña publicitaria a favor do consumo dos produtos por parte dos consumidores.	▪ Sancións de tipo económico por parte das institucións públicas. ▪ Deixar de consumir o produto por parte dos consumidores.

S5. Risque da seguinte listaxe aquelas enerxías que crea que non use:

Enerxía solar.	Carbón.	Biomasa.	Enerxía química.
Leña.	Gas.	Electricidade.	Enerxía nuclear.
Alcol.	Petróleo.	Enerxía hidráulica.	Vento.

S6. Faga unha listaxe coas tres enerxías que máis se usen no instituto e outra coas tres que máis se utilicen na súa casa.

TRES ENERXÍAS QUE MÁIS SE USEN NO INSTITUTO	TRES ENERXÍAS QUE MÁIS SE USEN NA SÚA CASA
▪ <i>Electricidade.</i> ▪ <i>Petróleo.</i> ▪ <i>Enerxía hidráulica.</i>	▪ <i>Gas natural.</i> ▪ <i>Electricidade.</i> ▪ <i>Petróleo.</i>


S7. Asocie os seguintes titulares de prensa cos problemas medioambientais estudados:

TITULAR DE PRENSA	PROBLEMA
"Todos os coches analizados por España superan en estrada o tope de emisións".	▪ <i>Efecto invernadoiro.</i>
"A NASA estuda o desxeo en Grenlandia e Canadá".	▪ <i>Cambio climático.</i>
"A explosión química provoca a temida chuvia aceda".	▪ <i>Contaminación.</i>
"Condena europea a España por non eliminar 61 vertedoiros ilegais".	▪ <i>Residuos sólidos urbanos e industriais.</i>
"En España está en perigo o 30 % das especies de réptiles".	▪ <i>Degradación da vexetación.</i>

S8. Asocie os seguintes enunciados coas características do subdesenvolvemento.



TITULAR DE PRENSA	CARACTERÍSTICAS
"As eleccións baixo sospeita".	▪ <i>Inestabilidade política ou falta de democracia.</i>
"A taxa de natalidade segue aumentando a pasos axigantados".	▪ <i>Altas taxas de crecemento demográfico.</i>
"A débeda séguese a comer máis do 80% da riqueza anual".	▪ <i>Elevada débeda externa.</i>
"A escaseza de estradas dificulta a comunicación entre este e oeste".	▪ <i>Nivel de infraestruturas deficiente.</i>

- S9. Que poderíamos facer nós para evitar o cambio climático? Utilizar a enerxía de maneira responsable. Guiándose polas imaxes, propoña diferentes medidas, como a do exemplo:

- Utilizar máis o transporte público.
- Regular a calefacción de maneira que non pase dos 20 °C.
- Mercar aparellos eficientes (de baixo consumo, electrodomésticos tipo A) .
- Utilizar enerxías renovables na casa, como paneis solares térmicos para quentar a auga.

- S10. Escriba debaixo de cada debuxo a palabra que corresponda. Todas están relacionadas coa enerxía.

Gasolina - Sol - Vento - Electricidade - Vento - Comida - Electricidade - Comida		
		
Electricidade	Electricidade	Gasolina
		
Comida	Sol	Vento
		
Vento	Comida	

S11. A quen favorece máis o comercio internacional?

Especializarse naquilo que os demais mellor valoran é unha vantaxe para as persoas, empresas e países. Pero non todos os países poden producir o mesmo tipo de bens. Os países ricos caracterízanse por dispor de man de obra cualificada e unha tecnoloxía e maquinaria sofisticadas. Pola contra, os países pobres adoitan ter moitos recursos naturais e unha man de obra menos cualificada.

S12. Se España vende froita a Alemaña e Alemaña vende coches a España:

▪ Quen está importando coches e quen está exportando froita?	▪ España está importando coches. ▪ España está exportando froita.
▪ Trátase de operacións de comercio internacional ou exterior? E se a venda da froita fose a Canadá?	▪ Trátase dunha operación de comercio exterior, xa que Alemaña e España pertencen ao mesmo territorio alfandegueiro. ▪ Se a venda fose a Canadá, trataríase de comercio internacional, posto que España e Canadá non pertencen ao mesmo territorio alfandegueiro.

S13. Xurxo é forte, pero aguanta pouco tempo correndo. Xaquín, en cambio é capaz de correr moito tempo. Como os dous son amigos, deciden apuntarse xuntos a carreiras de velocidade:

▪ Están actuando conforme as súas vantaxes comparativas? Por que?	▪ Non están actuando conforme as súas vantaxes comparativas, xa que Xaquín é capaz de correr moito máis tempo, e iso fai que sexa mellor que Xurxo.
---	---

S14. Diga a que tipo de barreiras ao libre comercio pertencen as seguintes medidas:

▪ Limitar o número de calculadoras chinesas de importación.	▪ Fixar cotas limitadas de produtos estranxeiros.
▪ Axudar a unha industria nacente tecnolóxica.	▪ Subvencionar á industria nacional.
▪ Fixar un imposto a cada unidade importada.	▪ Gravar as importacións con aranceis.
▪ Obrigar a incorporar un etiquetado especial aos produtos importados.	▪ Establecer barreiras non comerciais.

S15. Identifique a que institución da UE corresponde cada unha das seguintes funcións.

▪ Aprobar o orzamento da UE.	▪ O Parlamento Europeo.
▪ Representar e defender os intereses da UE no seu conxunto.	▪ A Comisión Europea.
▪ Representar aos Estados membros.	▪ O Consello da Unión Europea.
▪ Dar o visto e prace aos acordos internacionais.	▪ O Parlamento Europeo.
▪ Comprobar que os fondos da UE se apliquen axeitadamente.	▪ O Tribunal de Contas Europeo.
▪ Ser responsable de aplicar as decisións do Parlamento e do Consello.	▪ A Comisión Europea.

- S16. Explique as vantaxes que, en materia de custos, ten unha empresa española fronte a unha norteamericana á hora de realizar unha venda en Francia cuxo cobro se pacta en 90 días.

España e Francia pertencen ao mesmo territorio alfandegueiro e teñen a mesma moeda para realizaren os intercambios comerciais, o euro, polo tanto non van correr o risco do prezo da moeda.
E.U.A. e Francia non pertencen ao mesmo territorio alfandegueiro. Cada país ten a súa moeda, polo tanto corren o risco do tipo de cambio da moeda, é dicir, o prezo dunha moeda con respecto á outra.

- S17. Como membro da UE e da eurozona, España ten os mesmos aranceis e a mesma moeda que outros países europeos. Que desvantaxes supón isto?

España non se viu tan favorecida coma outros países membros pola implantación da moeda única. A súa introdución trouxo para o noso país un aumento dos prezos (inflación) e ao pertencer á moeda única non permitiu desvalorizala durante a crise, obrigando o noso país a facer un recorte de salarios e unha suba dos impostos.

- S18. Cales son as principais características da UE como Unión Económica e Monetaria?

- *Mercado único con liberdade de circulación de persoas, capitais, mercadorías e servizos.*
- *Política de competencia e outras medidas encamiñadas a fortalecer os mecanismos de mercado.*
- *Políticas comúns.*
- *O euro como moeda única.*
- *Niveis de desenvolvemento dos países moi elevado.*

- S19. Antón e Esperanza son irmáns. Crearon unha empresa cuxa actividade é o asesoramento fiscal e laboral a empresas de nova creación. Antón é un bo asesor laboral e ten coñecementos Web. Esperanza asesora laboral e fiscalmente igual de ben, aínda que non está tan actualizada na última reforma laboral, e apenas se defende coa informática. Como deberían proceder no reparto de tarefas de acordo coa teoría da vantaxe comparativa? Por que?

De acordo coa teoría da vantaxe comparativa, deberían repartir as tarefas da seguinte forma:

- *Antón dedicarase á asesoría laboral.*
- *Esperanza dedicarase á asesoría fiscal.*

Desta forma, ofrecerán uns servizos máis eficientes e de mellor calidade ás empresas, xa que cada un deles desenvolverá aquela actividade na que é mellor.

S23. E a un pequeno comercio coma o que ten Xan?

No caso do comercio de Xan, as vantaxes non veñen pola posibilidade de ter acceso a outros mercados sin ter que pagar aranceis nin soportar riscos do tipo de cambio.

S24. Que sabe de Europa?

▪ Que é o Tratado de Maastricht?.	▪ O Tratado de Maastricht firmouse o 7 de febreiro de 1992, nacendo así a UE, que agrupaba os 12 países membros da Comunidade Europea. Foi o proxecto máis ambicioso para crear unha Europa unificada.
▪ Coñeces en que consiste o proxecto Erasmus+?.	▪ O proxecto Erasmus+ é un proxecto de cooperación europea en materia de educación. Cada ano, máis de 400.000 mozos e mozas estudan ou amplían os seus coñecementos noutros países europeos.
▪ Cales son os símbolos da UE?.	▪ A bandeira europea. ▪ O himno europeo. ▪ O día de Europa - 9 de maio. ▪ O lema de Europa - "Unida na diversidade". ▪ O euro.

S25. A bandeira da UE

▪ Que cores ten?	▪ As cores que ten son a azul e amarela.
▪ Ten algún símbolo?	▪ Si, ten 12 estrelas.
▪ Busque unha imaxe dela.	

S26. Una con frechas.

▪ FMI	▪ Organización internacional formada por 192 países independentes.
▪ ONU	▪ Organización única fonte fundamental de asistencia financeira.
▪ OCDE	▪ Promove a estabilidade financeira e a cooperación monetaria internacional.
▪ OMC	▪ Foro único onde os gobernos de 30 economías democráticas traballan para afrontar os desafíos económicos e sociais.
▪ BM	▪ Organización internacional que se ocupa das normas que rexen o comercio entre os países.

6.2 Solucións das actividades complementarias

S27. Faga un traballo de investigación sobre o seguinte tema:

"Que sucede cando un país do euro entra en problemas?"

O traballo:

- Farase en grupos de dúas persoas.
- Utilizaranse as novas tecnoloxías a través de Internet para a procura da información.
- Entregarase nun documento de texto.



"Crise da eurozona" , "débeda grega"

Resposta orientativa.

Os Estados membros da eurozona, ante unha situación de crise dalgún dos países que pertencen a ela, deberán poñerse de acordo politicamente para afrontar as turbulencias.

Esta situación provocará crecentes tensións entre os Gobernos.

A crise dun dos países pode contaxiarse a outras nacións, aumentando considerablemente o custo para Europa....

S28. Axudándose do enlace que aparece a continuación, procure a seguinte información básica sobre a UE.

<https://europa.eu/european-union>

- Os 28 países membros da UE. Sináleos nun mapa.
- Situación actual do Reino Unido.

O traballo:

- Farase en grupos de dúas persoas utilizando Internet como fonte de información.
- Entregarase nun documento de texto.

28 países membros da UE <i>Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía e Suecia.</i>	
Situación actual do Reino Unido <i>Polo momento, o Reino Unido segue a ser membro de pleno dereito da Unión Europea, con todos os dereitos e obrigas correspondentes.</i>	

S29. Complete o glosario de termos que aparece ao final da unidade, incluíndo todos aqueles que non aparezan reflectidos.

O traballo:

- Farase na aula en grupos de dúas persoas.
- Cada grupo ha de buscar dez termos coas súas definicións.
- Cada grupo exporá ao resto do alumnado os termos seleccionados, para evitar que se repitan.

RESPOSTA LIBRE

- **Ciclo económico:** Oscilacións reiteradas no crecemento da produción, o emprego e outras variables.
- **Consello Europeo:** Institución oficial da UE que reúne os líderes da UE. Representa o nivel máis elevado da cooperación política.
- **Crise.** Fase da evolución dun ciclo económico caracterizada polos seus efectos negativos, como escaseza na produción e no consumo.
- **Parlamento Europeo.** Órgano lexislativo da UE elixido polos votantes da UE cada cinco ano..
- ...

S30. Faga un traballo de investigación sobre o seguinte tema:

"Por qué preocupa a globalización cultural?"



Globalización, publicidade, multinacionais, identidade.

- Ata que punto a publicidade e as multinacionais inflúen nos seus gustos, afeccións e ideas? Sabería dicir de que países proveñen os seus grupos musicais favoritos ou as películas que máis lle gustan?
- Supoña que traballa nunha pequena empresa artesanal nun país africano. Cre que podería fabricar o tipo de produtos que estean de moda como consecuencia da globalización cultural?

O traballo:

- Farase en grupos de dúas persoas.
- Entregarase nun documento de texto que se debe confeccionar na casa.

RESPOSTA LIBRE

6.3 Solucións dos exercicios de autoavaliación

1. É unha ameaza para o desenvolvemento sostible.

- ☐ O desemprego.
- ☒ O cambio climático.
- ☐ A corrupción.
- ☐ O gasto público.

2. Un país proteccionista:

- ☐ Está a favor do libre comercio.
- ☐ Defende os intereses dos seus consumidores.
- ☒ Introduce aranceis.
- ☐ Ten unha moeda forte.

3. A permanencia de España na UE:

- ☒ Aumenta o noso poder de negociación no mundo.
- ☐ Dificulta que nos endebedemos.
- ☐ Fai España máis independente.
- ☐ Aumenta os custos do comercio.

4. O euro...

- ☐ É a moeda común de toda a UE
- ☐ É a moeda común da UE e E.U.A.
- ☒ É a moeda común da eurozona.
- ☐ É a moeda máis cara do mundo.

5. Cal das seguintes opcións consideras que se corresponde coa figura do comprador?

- ☒ O importador.
- ☐ O territorio alfandegueiro.
- ☐ O exportador.
- ☐ A divisa.

6. Que impacto ten a pertenza á UE nos estados membros

- ☐ Fai os Estados membros mías independentes.
- ☒ Fai os Estados membros máis interdependentes.
- ☐ Fai os Estados membros máis pobres.
- ☐ Fai os Estados membros máis populosos.

7. Cal das seguintes afirmacións sobre o proteccionismo é correcta?

- ☐ Aumenta o comercio.
- ☒ Outorga ingresos fiscais.
- ☐ É propio da globalización.
- ☐ Abarata os produtos.

8. Cal das seguintes non é unha barreira ao libre comercio?

- ☐ Subvencionar ás industrias nacionais.
- ☒ Subvencionar ás industrias estranxeiras.
- ☐ Establecer barreiras non comerciais.
- ☐ Gravar as importacións con aranceis.

9. Segundo a teoría da vantaxe comparativa...

- ☒ Os países especialízanse nos bens e servizos que producen mellor que os demais.
- ☐ Os países especialízanse naqueles bens que venden máis caros.
- ☐ Os países especialízanse na importación daqueles bens que son máis baratos.
- ☐ As tres anteriores non son correctas.

10. O desenvolvemento e aplicación de normativas e medidas que contribúen a manter os recursos naturais fai referencia...

- ☐ Ao cambio climático.
- ☒ Á política medioambiental.
- ☐ Ás enerxías renovables.
- ☐ Ao fomento das enerxías alternativas limpas e renovables.

11. Organismo de cooperación internacional que promove a estabilidade financeira e a cooperación monetaria internacional

- ☐ O Banco Mundial.
- ☐ A Organización das Nacións Unidas.
- ☒ O Fondo Monetario Internacional.
- ☐ A Organización Mundial do Comercio.

12. Institución da UE responsable de garantir que se cumpran as normas comúns na UE

- ☐ O Parlamento Europeo.
- ☒ O Tribunal de Xustiza da UE.
- ☐ O Consello da UE.
- ☐ Todas son verdadeiras.

13. 13. O Parlamento Europeo é o responsable de...

- ☐ Garantir que se cumpran as normas comúns da UE.
- ☒ Aprobar o orzamento da UE.
- ☐ Representar aos Estados membros.
- ☐ Defender os intereses da UE.

14. 14. Cal das seguintes non é unha vantaxe da UE?

- ☒ Creación de grandes empresas.
- ☐ Libre circulación de persoas.
- ☐ A moeda única elimina os riscos do tipo de cambio.
- ☐ Todas son verdadeiras.

15. 15. En que ano se incorporaron España e Portugal á UE?

- ☐ Na ampliación de 2004.
- ☐ Na ampliación de 1995.
- ☒ Na ampliación de 1986.
- ☐ Na ampliación de 1981.

7. Glosario

Neste apartado aparece unha listaxe das palabras máis importantes da unidade, ordenadas alfabeticamente, coas súas definicións.

A	▪ Alfándega/ Aduana	Organismo público que controla e regula a entrada ou importación e a saída ou exportación de cargas, mercadorías, documentación, transporte e pasaxeiros nas fronteiras dun país.
	▪ Aranceis	Tributo que se aplica aos bens que son obxecto de importación.
D	▪ Débeda externa	É a suma das débedas que ten un país con entidades estranxeiras. Componse de débeda pública (a contraída polo Estado) e de débeda privada (a contraída por particulares).
	▪ Desenvolvemento sustentable	É o desenvolvemento que asegura as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das futuras xeracións para enfrontarse ás súas propias necesidades.
	▪ Divisa	Moedas estranxeiras referidas á unidade do país do que se trata.
E	▪ Enerxías renovables	Fontes de enerxía que se obteñen de medios naturais inesgotables, ben pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais.
	▪ Exportacións	Calquera ben ou servizo vendido ou enviado con fins comerciais a un país estranxeiro.
G	▪ Globalización	Proceso económico, tecnolóxico, político e cultural a escala mundial que consiste na crecente comunicación e interdependencia entre os distintos países do mundo, unindo os seus mercados, sociedades e culturas a través dunha serie de transformacións sociais, económicas e políticas que lle dan un carácter global.
I	▪ Importacións	Calquera ben ou servizo mercado ou recibido con fins comerciais dun país estranxeiro.
	▪ Inflación	Suba xeneralizada dos prezos.
	▪ Integración económica	Modelo por medio do cal os países pretenden beneficiarse mutuamente a través da eliminación progresiva de barreiras ao comercio. A integración consiste en eliminar, de xeito progresivo, as fronteiras económicas entre os países.
L	▪ Libre comercio	Libre intercambio de bens e mercadorías, sen restricións nin limitacións.
P	▪ Política medioambiental	Conxunto de esforzos políticos para conservar as bases naturais da vida humana e conseguir un desenvolvemento sostible.
	▪ Política pública	Conxunto de accións do goberno encamiñadas a solucionar problemas de interese público.
	▪ Proteccionismo	Desenvolvemento dunha política económica para protexer os propios produtos do país, impoñendo limitacións á entrada de produtos estranxeiros, similares ou iguais aos propios mediante a imposición de aranceis e impostos ás importacións, encarecendo así o produto foráneo de xeito que non sexa rendible.
T	▪ Tipo de cambio	É o prezo dunha moeda con respecto a outra.
U	▪ Unión alfandegueira/ aduaneira	Acordo entre dous ou máis países para eliminar os aranceis e demais restricións ao comercio entre os países membros da unión, mantendo un arancel exterior común fronte a terceiros países.
	▪ Unión Económica e Monetaria	Área formada polo conxunto de países, dentro da Unión Europea, que comparten non só un mercado, senón tamén unha mesma moeda, o euro, polo que neles executase unha política monetaria única. Ademais coordinan as políticas económicas.

8. Bibliografía e recursos

Bibliografía

Os recursos utilizados para elaborar os materiais foron os seguintes:

- Anxo Penalonga Sweers. Economía - 4º ESO. Mc Graw Hill Education.
- Blog paraprofesdeconomia.com por Eva Baena.

Ligazóns de Internet

A continuación, aparecen ligazóns utilizadas na elaboración da unidade:

- <https://aprendeconomia.com/2010/09/01/3-la-union-europea-apartado-b-cronologia-de-la-construccion-europea/>
- <http://www.eumed.net>
- <http://www.europa.eu/european-union>


Outros recursos

Recursos e ligazóns que axudarán ao alumnado a resolver as actividades:

- Exemplos de globalización:
<http://chillka.wordpress.com/2006/01/23/un-ejemplo-de-la-globalizacion/>
- 17 pasos para entender a globalización:
<http://es.wikihow.com/entender-la-globalización>
- Conversor de moedas:
<https://www.cambio-euro.es>
- Unión Europea:
<http://www.europa.eu/european-union>
- Artigo de prensa "Onde foron as empresas que cambiaron de ubicación nos últimos catro anos" Diario Expansión 4 de xaneiro de 2.016.

9. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO
 RECURSO 1	- Autoría: HypnoArt - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 2	- Autoría: geralt - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 3	- Autoría: geralt - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com/	 RECURSO 4	- Autoría: Yganko - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.shutterstock.com
 RECURSO 5	- Autoría: InspiredImages - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com/	 RECURSO 6	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 7	- Autoría: Clker-Free-Vector-Images - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 8	- Autoría: geralt - Licenza: Creative commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 9	- Autoría: La_Petite_Femme - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 10	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 11	- Autoría: Clker-Free-Vector-Images - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 12	- Autoría: Krokek_pl - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 13	- Autoría: Clker-Free-Vector-Images - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 14	- Autoría: anarosadebastiani - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO
 RECURSO 15	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 16	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 17	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 18	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 19	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 20	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 21	- Autoría: Clker-Free-Vector-Images - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 22	- Autoría: tpsdave - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 23	- Autoría: Efraimstochter - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 24	- Autoría: RalfWieckhorst - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 25	- Autoría: ArtsyBee - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 26	- Autoría: MIH83 - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 27	- Autoría: Miraceti - Licenza: Commons Wikimedia Procedencia: commons.wikimedia.org		